

ENTREVISTA CON SAMIR AMIN¹

MIGUEL CANCIO ÁLVAREZ [trad.]

Departamento de Socioloxía, Ciencia Política e da Administración
Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais
Universidade de Santiago de Compostela

INTRODUCCIÓN

Nado no Cairo en 1931, Samir Amin proporciona dende 1956 unha importante contribución ó pensamento económico marxista. Os seus traballos expuxeron que el denomina a dimensión "polarizante" do capitalismo. Para Amin, o sistema económico mundial descomponse en dous polos, cun "centro" desenvolvido que se apropia dos recursos de múltiples "periferias". Para Amin, o subdesenvolvimento non se debe nin ó retardo dos países pobres nin ó peso da súa tradición, senón ás transferencias permanentes entre o "centro" e as "periferias". Esta teoría foi presentada e profundada en varias das súas obras, especialmente en *O intercambio desigual* (1970) e en *Clase e nación na historia e a crise contemporánea* (1976).

Segundo Amin, os problemas do terceiro mundo poderían resolverse pola "desconexión"; isto é, por medio dun desenvolvemento autoconcentrado no que as periferias sexan capaces de liberarse das condicións impostas polo Norte capitalista.

Amin foi conselleiro de Nasser no Plan de desenvolvemento de 1957 e tamén de numerosos xefes de Estado africanos cando estes se independizaron. A súa última obra, *O imperio do caos* (1991), ofrece a visión dun mundo marcado polo afundimento dos piares nos que se sustentaba despois da Segunda Guerra Mundial "o fordismo occidental, o sovietismo e o terceiro mundo".

ENTREVISTA

P.- *Despois de transcorridos cinco séculos, ¿que é o que permaneceu do descubrimento de América?*

R.- O 14 de outubro de 1492 marca o nacemento do mundo moderno, a aparición da fórmula "para o mellor e para o peor". Antes deste evento era o poder o que confería a riqueza. Co descubrimento do Novo Mundo, a acumulación de riqueza convértese na fonte do poder. Dous fenómenos da máxima importancia maniféstanse á vez:

— O capitalismo, na súa forma "prehistórica"; isto é, o mercantilismo coa súa preocupación moi clara de racionalidade. Houbo, desta maneira, unha ruptura ideolóxica e cultural que os europeos denominaron Renacemento. Esta era unha maneira de nega-lo período feudal e de saudar a unha especie de antigüidade reencontrada.

— O comenzao da conquista do mundo: Os europeos toman conciencia por primeira vez de que podían asenta-la súa dominación. Precisión importante: a súa superioridade tecnolóxica foi o producto desta conquista, e non a súa causa. Foi preciso esperar á revolución industrial para que Occidente dispuxese dunha superioridade material decisiva.

Dende hai cinco séculos, o único fenómeno observado de maneira lineal é a polarización. Trátase do distanciamento, cada vez maior, das sociedades que compoñen o mundo moderno. Trátase dun distanciamento sen punto de comparación cos que había no pasado. No século XIX, Alemaña, en só trinta anos, puido igualar e superar a Inglaterra e a Francia. ¿Canto tempo necesitará Brasil para igualar a EE.UU, de termos en conta que os seus condicionantes exteriores son moito más fortes que hai un século?

P.- *¿Como explica vostede a propensión do capitalismo a agrava-las desigualdades?*

R.- A causa da polarización é simple: o capitalismo como sistema mundial non funciona sobre a base dun mercado de traballo realmente mundial. Malia a inmigración, non hai punto de comparación entre os desprazamentos de man de obra (o mercado de traballo permanece moi compartmentado) e a extraordinaria mobilidade dos capitais e as mercadorías. Esta causa é suficiente para a polarización. Neste sentido, o discurso liberal está truncado. Marx cría que os liberais serían consecuentes cos seus presupostos e, polo tanto, abrirían as fronteiras nas súas tres dimensións. Só unha apertura ós traballadores permitiría unha loita social igual entre os seres humanos. Pénse no acordo de libre-cambio entre EE.UU e México. Capitais e mercadorías circularán libremente, sen embargo, nos EE.UU algúns están pensando en levantar un muro na fronteira americano-mexicana para dete-los fluxos de poboación...

P.- *¿Como marxista, vostede condena o capitalismo sen reserva...?*

R.- Non. O capitalismo ten dous aspectos positivos de grande importancia: permitiu o desenvolvemento das forzas productivas a unha escala enorme (pero é tamén a súa enfermidade, e os ecoloxistas redescubren o carácter destructor do crecemento exponencial); contribuíu á laicización das sociedades e á aparición dunha democracia burguesa. Este último aspecto merece unha explicación.

O capitalismo fundouse sobre a alienación mercantil. Supón unha ideoloxía que lle dá ó progreso das forzas productivas o papel que Deus xogara anteriormente. As sociedades anteriores estaban administradas nun marco divino ou metafísico, coma o helenismo ou o confucionismo. O capitalismo rompeu con isto. De agora en adiante para progresar xa non sería necesario aplicar-las leis eternas de Deus. Basta-ría con inventar outros modos de organización. A democracia burguesa é froito diso. (*Nota do traductor:* Sen embargo, a "racionalización" da democracia burguesa non só non marxinou os discursos relixiosos e o seu impacto psico-social,

senón que, no contexto da terceira revolución industrial, da crise das democracias occidentais, da economía-mundo e da guerra económica de todos contra todos, se está deixando sentir e, especialmente, nos países industriais avanzados, o que diferentes autores denominan a "revancha de Deus", o desenvolvemento de vellos e novos imaxinarios e representacións relixiosas).

P.- *Non está nada mal se o comparamos co afundimento actual das democracias populares de Europa do Leste ou a implosión da URSS...*

R.- É preciso retrotraerse no tempo. A revolución rusa de 1917 viuse confrontada a unha tarefa contradictoria nun país atrasado: gaña-lo terreo perdido en termos de industria, de desenvolvemento das forzas militares. E facer "outra cousa": unha sociedade socialista. A partir de 1930, o obxectivo de recuperación foi prioritario. A ambición de facer "outra cousa" convérte-se nunha fase de adorno, baleira e mentireira. O sistema soviético non tiña nada que ver co socialismo. (*Nota do traductor:* O problema consiste, de novo, en saber en que consiste o socialismo no campo económico e noutros campos; en que consiste a transformación, a emancipación individual e colectiva, etc. e, sobre todo, en que se concretou. En se é iso, no que se concretou baixo diferentes denominacións, incluída a socialdemocracia, etc., pode cualificarse como sistema socialista e por que). O que se afundiu en 1991 era unha forma de capitalismo. A URSS producira a súa burguesía, que, como tódalas burguesías, aspira ó enriquecemento pola detención dos medios de producción. O socialismo estaba morto dende 1930... É preciso lembralo que lles dicía Mao en 1963 ós cadros do partido chino: "Como na URSS, construistes unha burguesía. Non esquezades que a burguesía non quere o socialismo, quere o capitalismo". (*Nota do traductor:* Un bo exemplo téromo na China de Theng Xiao Ping que sinalou, segundo a Andy Warhol, o pai da movida española: "Actualmente o verdadeiramente patriota e revolucionario na China é enriquecerse sen importa-la cor do gato". Felipe González, Boyer, Solchaga, Majo, Rubio, Albero, Croisier, Manolo Concha... —o socialismo da

beautiful people, dos "novos señoritos", segundo Vázquez Montalbán—; os "empresarios" socialistas: Sarasola, Palomino, Ballester, Pellón, Escuredo...; Alfonso Guerra, Juan Guerra, Roldán, Aída Álvarez, Ollero...,—o "socialismo de Porto Huraco" segundo Javier Pradera—, uns e outros manifestaron un claro dominio do efecto gatuno da China maoísta-hipercapitalista e do efecto warholiano-daliniano; A. Warhol: "Ser revolucionario a finais do século XXI é facerse rico por tódolos medios dispoñibles e mostralos coas marcas debidas". Por outra banda, acaban de facerse públicos diferentes testemuños, libros, etc. que poñen de manifesto como Mao e os que o apoíaron, nos anos 60 desencadearon a Revolución Cultural China para facerse co poder. Esta revolución supuxo unha brutal e xeneralizada represión que deu lugar, segundo estimacións rigorosas, a todo tipo de vexacións, torturas..., e a preto de vinte millóns de mortos). Hoxe obsérvase un gran desasosego na Europa do Leste e unha incríble vulnerabilidade das democracias. Os modelos de Eltsin son o Chile de Pinochet ou Corea do Sur. Os réximes actuais corren o risco de ser unha transición entre dictaduras e autocracias.

P.- *Malia estes cambios brutais, vostede continua referíndose ó marxismo, ¿cre vostede que segue sendo unha reflexión luminosa para comprende-la evolución do mundo contemporáneo?*

R.- Hai un marxismo que denuncio, unha vulgata dogmática á que non se pode reducir este pensamento. A propaganda occidental faino, porque lle convén. Sen embargo, o pensamento de Marx abriu un horizonte que nunca máis poderá volverse a pechar. Como por exemplo, a súa visión do capitalismo que, segundo o marxismo, non é eterno, á que contén especificidades. Marx escribe que a acumulación de capital deteriora as dúas bases da riqueza humana: o traballo, que se ve reducido a unha mercadoría; a natureza, á que destrúe ó considerala inesgotable. Os do Maio do 68 e os ecoloxistas atoparon a Marx sen sabelo. Marx descubriu o esencial do mundo moderno: a alienación mercantil e a destrucción da natureza.

P.- *Vostede di que, dos tres piáres que fundan o mundo de postguerra, é o "sovietismo" o que, ó afundirse, fixo más ruído. Sen embargo, o capitalismo tamén coñeceu sobresaltos co final do que vostede denomina o "fordismo occidental".*

R.- O fordismo era un compromiso social entre o capital e o traballo que funcionou dende a Segunda Guerra Mundial. Inscríbese nun contexto dobremente favorable: a existencia dun sistema productivo nacional (aínda se podía falar dunha industria francesa, inglesa e alemana) e de forzas de esquerda importantes. O fordismo afundiuse coa fin dos sistemas productivos nacionais e debido ó desenvolvemento da mundialización da economía e das cadeas de producción diseminadas a escala planetaria. As forzas de esquerda declinaron. Non existe no futuro que se perfila o embrión dun Estado multinacional necesario para xestionar este sistema productivo mundializado.

P.- *¿A Europa de Maastricht podería se-la antesala dese super-Estado?*

R.- Non, pois Europa sofre do seu limitado punto de partida: un mercado común. Esperaba que, hai dez anos, as esquerdas europeas tomasen a iniciativa dunha política social común para axusta-las lexislacións polo alto, en función das conquistas sociais máis importantes. Sen embargo, produciuse o contrario. Europa, neste sentido, continuará véndose xestionada por unha tecnocracia. Neste sentido, estou contra esa noción de moeda única, pois se trata dunha imposición absoluta e non democrática. O Bundesbank será o que o fará todo. O expansionismo alemán está en marcha, e Alemaña burlase ben de Europa. Dispón dun espacio de crecemento cara ó Leste que considera como a súa América Latina. Necesitaríanse forzas políticas organizadas a escala europea, e unha democracia real que fora máis alá do Parlamento de Estrasburgo.

P.- *¿A pesar de todo, Europa saca vantaxes da fin da guerra fría?*

R.- Menos que os EE.UU, que restableceron a súa hexemonía militar. Durante moito tempo,

proclamouse que a guerra fría implicaba os maiores perigos de conflicto. Dende o meu punto de vista, supoña un perigo irreal, unha chantaxe permanente axitada polas dúas superpotencias. A realidade era a bipolaridade militar, pois o armamento era o único dominio onde a URSS, efectivamente, levara a cabo un esforzo de recuperación. Hoxe vólvese á situación de 1944, cando os EE.UU tiñan o monopolio da arma atómica. Nesta época, utilizárona... Considero que o perigo de recorrer a esta arma para arranxar tódalas cuestiós, das pequenas ás más importantes, aumenta de maneira enorme. Informes internos do Pentágono confirman esta intención americana de utilizar con más liberdade a forza con afundimento da bipolaridade militar. A fin da guerra fría é a guerra. Non é unha casualidade que estalara a guerra do Golfo. Os EE.UU queren claramente reservarse un acceso a tódolos recursos do planeta. Este é o discurso que tiveron no Cumio da Terra en Río. E non esquezámolo fantástica intensificación das comunicacións. Para facer pasar unha mensaxe, Stalin tiña as galeradas indixestas e ilexibles do Pravda. En Irak, Bush tiña a CNN. Nesta aldea global, os medios de comunicación convertéronse en instrumentos antidemocráticos terroríficos que modelan a opinión pública mundial.

P.- ¿Pode realmente existir Europa fronte a esta "hexemonía" americana?

R.- Non o creo. Hai un home ó que admiraba en Europa, a pesar do seu prexuízo de dereita: o xeneral De Gaulle. É o único dirixente de postguerra que comprendeu que, dende 1945, Gran Bretaña fixera unha elección histórica probablemente irreversible: a de aliñarse incondicionalmente cos EE.UU. Tamén foi o único en percibila natureza do pesadelo americano. Falaba dunha Europa do "Atlántico ó Ural", que englobaba a Unión Soviética para reequilibra-las relacións Francia-Alemaña. Se Eurasia vira a luz, o proxecto hexémónico dos EE.UU non tería sentido. De Gaulle dicía que os comunistas non eran necesariamente inhumanos, e que a Rusia zarista, lonxe de ser democrática, sería o aliado de Francia. O telón de aceiro serviu realmente a Washington. Stalin, ó lanza-lo seu país a unha carreira de recuperación militar

evitou durante corenta anos o "perigo" dunha Eurasia.

P.- *As relacións Leste-Oeste dominaron a postguerra. Nos seus traballos sobre o "centro" e a "periferia", vostede subliñou a dimensión Norte-Sur para constata-lo empobrecemento das nacións máis desfavorecidas. Diríase que é unha fatalidade...*

R.- Un experto da banca mundial pensaría nun milagre se vira, na época precapitalista, o Nordeste brasileiro, o sur dos Estados Unidos, Santo Domingo ou Haití. As taxas de crecemento eran fabulosas e estaban baseadas no mercantilismo e no escravismo. O comercio exterior de Brasil era tres veces superior ó de Inglaterra. Voltaire felicitou ó rei por ter preferido "a magnífica Martinica ás neves canadenses". Estes países e rexións perderon a súa función no capitalismo moderno. O terceiro mundo non industrializado é un lugar de regresións. Este foi o obxecto da miña tese de 1956, que segue sendo válido: non se deu un fenómeno de recuperación. O capitalismo como sistema polarizante crea un refugallo. (*Nota do traductor:* Hai autores que ó crecemento posto en praza calificano como "excroissance". Neste sentido, é preciso distinguilo concepto de progreso do concepto de crecemento). Algúns países da periferia industrializáronse, pero as súas decisións están controladas a distancia polo ou polos centros a través das tecnoloxías, os mercados de capitais, os medios de información...

P.- ¿Pero todo isto pode contribuir ó desenvolvemento?

R.- É preciso poñerse de acordo sobre o que se denomina desenvolvemento, que é unha noción cargada de connotacións, a referencia a un proxecto de sociedade no futuro. O desenvolvemento non pode reducirse ó efecto espontáneo do impulso capitalista. Sen embargo, a realidade histórica que se observa hoxe é a da expansión do capitalismo. O terceiro mundo segue sendo a zona das tempestades, do desenvolvemento e do intercambio desigual. Na conferencia de Bandung (Indonesia) de 1955, os países do Sur tiveron, eles tamén, a ambición de "recuperar-

ción", sen por iso buscar unha nova sociedade. Tratábase dunha recuperación baseada na interdependencia, no marco da mundialización económica. Non desexaban necesariamente entrar en conflito cos países do Norte, que estaban en posición dominante. Unha vez conseguidas as interdependencias políticas, consideraban que as condicións internas dos seus países lles permitirían acelera-la recuperación. A era de Bandung tomou dúas vías. A da extrema esquerda, cun nacionalismo radical, pouco democrático, brutal, baseado na propiedade estatal, como en Arxelia, Irak ou Exipto. A da extrema dereita, neocolonial, o despegue económico pasaba por unha grande apertura ó capitalismo mundial, como en Costa de Marfil ou Kenia. Non obstante, a historia continúa. O movemento afogou. A pesar dun comezo de industrialización do terceiro mundo, e unha diferenciación no seu seo, xurdiron varios males: o retardamento do crecemento, a agravación das desigualdades sociais, a urbanización sen control, a regresión das zonas rurais e, finalmente, o aumento da débeda exterior. O proxecto de Bandung —recuperación baseada na interdependencia— era irreal, supoña quere-lo imposible. O Sur non pode saír desta situación máis que por medio da desconexión.

P.- ¿Unha volta á autarquía?

R.- Non exactamente. Para os países pobres, o desenvolvemento susceptible de responder ás necesidades materiais de tódalas capas sociais móstrase imposible no marco do capitalismo. A desconexión non é unha receita senón unha elección de principio: o de desconecta-los criterios de racionalidade das eleccións económicas internas dos que gobernan o sistema mundial. Os países non alineados propuxeron en 1975 esta Nova Orde Económica Internacional (NOEI). Tratábase de revisa-las regras de xogo da interdependencia, de crear un espacio de autonomía que permitira o mantemento do espírito de Bandung. O Norte dixo non. Chegara a hora de

políticas de axuste estructural da banca mundial. Algúns países puideron inicia-la súa industrialización en América Latina, en Asia do Sueste, en Oriente Medio. Moitos outros están en vías de marxinación: algunas rexións da India, Antillas, América Central e toda a África negra. Por exemplo, a convención de Lomé entre a Europa dos doce e os países da ACP (África-Caribe-Pacífico) prolongou a non industrialización do continente africano, acentuando a súa especialización agro-mineral. Desta maneira, Europa combateu a industrialización de África.

P.- Moitos dos países que vostede cita coñecen unha demografía galopante, ¿non supón isto un perigo para o desenvolvemento?

R.- Non me gusta esta palabra "perigo" que os europeos inventaron para cualifica-la expansión demográfica en Asia. Occidente teme hoxe á poboación do terceiro mundo, sen embargo, eles no seu día levaron a cabo a súa "revolución demográfica". Entre 1700 e 1900, o seu peso na poboación mundial pasou do 20% ó 40%. Tiveron a posibilidade de "colonizar" continentes enteiros como América ou Australia. O terceiro mundo non tivo este horizonte diante. E, a pesar da explosión demográfica observada dende os anos 50 nos países pobres, non alcanzaron aínda o nivel que tiñan no século XVIII.

P.- Vostede recusa a etiqueta de terceiromundista.

R.- O discurso terceiromundista desapareceu do debate mediático, o que non quere dicir que morrera. Son os occidentais os que esgotaron os seus discursos sobre o desenvolvemento. En canto a mi, non son terceiromundista, digamos que son mundista...

NOTAS

1. A entrevista foi realizada por Eric Forattino, publicada en *Le Monde* o 26 de maio de 1992.